

CAMIÑOS ESCOLARES SEGUROS

Lembras o teu camiño ao colexio?

Posiblemente irías só ou con amigos, camiñando ou en bicicleta, gozando da experiencia de facelo. Hoxe en día as cidades son lugares pouco acolledores para os cidadáns debido ao perigo dos coches, a contaminación acústica e ocupación do chan público, estes problemas unido ás présas e os ritmos de vida excesivamente acelerados, o proteccionismo esaxerado que exercemos sobre as nosas fillas e fillos fai que sexan poucos os que gozan da experiencia de percorrer o camiño ao colexio camiñando ou en bicicleta cos amigos. Ademais a necesidade de acompañar aos escolares ata a porta do colexio provoca dificultades na fluidez do tráfico á vez que xera situacións de risco para a súa seguridade convertendo aos pais e nais como referentes dun mal modelo a seguir en canto a seguridade viaria. A túa colaboración pode axudar a que estes nenos e nenas poidan gozar dun ámbito de maior calidade na nosa cidade. Con estas premisas xorde desde a Policía Local de Narón, concretamente do Equipo de Educación Viaria o proxecto de camiños escolares seguros, coa finalidade de favorecer a seguridade e autonomía dos nenos e nenas nos seus desprazamentos ao colexio.

Que é o Camiño escolar seguro?

É unha iniciativa do Concello de Narón pensada para que os nenos e nenas de educación infantil e primaria acudan de forma autónoma ao colexio, xa que Narón ofrece boas condicións de uso e seguridade para implantación dos camiños escolares seguros. Esta posibilidade ofréceneslles aos nenos e nenas autonomía, madurez e responsabilidades propias da súa idade, permitindo que os valores inculcados na aula sobre a educación viaria inténgrense no contexto diario e que poidan adoptar bos hábitos de comportamento na rúa.

Como van ao cole?

Camiñando sós ou en compañía de adultos ou doutros escolares cos que se van atopando nos diferentes puntos de encontro que existen ao longo de cada itinerario, os cales están deseñados e sinalizados previamente polo Equipo de Educación Viaria.

Apoio á seguridade nos itinerarios

A colaboración neste camiño farase a través da Policía Local cos Centros escolares, as ANPAS, e voluntarios.

Os obxectivos do camiño escolar seguro

- Incrementar o número de menores que acoden a diario camiñando ao colexio desde as súas casas, fomentando modos de desprazamento máis sostible.
- Favorecer que as nenas e nenos acudan en compañía de amigos/ as e compañeiros/ as.
- Minimizar os riscos nos accesos escolares, diminuindo a inseguridade viaria que existe na actualidade.
- Implicar pais, nais e outros familiares no proxecto para garantir maiores cotas de autonomía infantil.
- Impulsar que o alumnado recupere o uso e aproveitamento do espazo público. - Integrar no contexto diario as normas e os valores inculcados na aula sobre a educación viaria para axudar a mudar as actitudes nesta materia e os hábitos de comportamento.
- Es la forma más segura de desplazarse para evitar contaxios por coronavirus

Colaboración por parte do comercio de Naron

Unos dos apartados desta iniciativa é premiar os nenos e nenas con puntos (pegadas) cada día que vaian camiñando o colexio, os cales irán acumulando para poder trocar posteriormente por descontos ou agasallos que ofrezan os comercios de Narón que participen. Cada tenda que participe recollerase nun catálogo cos seus correspondentes descontos ou agasallos, ao cal se terá acceso desde a páxina do “Comercio de Narón”. Outro dos puntos é que os comercios da zona pola que discorren os camiños axuden aos rapaces ou rapazas que teñan algún problema durante o seu percorrido. Todos os locais colaboradores terán un adhesivo distintivo do camiño como “Tenda Amiga”. Desde o Equipo de Educación Viaria de Narón preténdese a colaboración do maior número posible de comercios.

Aplicación das novas tecnoloxías aos camiños escolares seguros

Implementouse unha App-web para os camiños escolares seguros, que funciona da seguinte maneira:

- Cada neno e nena participante, inscrito previamente no colexio, contará cunha pulseira NFC.
- No interior de cada colexio haberá un punto de control (check point) polo que cada neno e nena cada día que acuda o colexio camiñando pasará a súa pulseira por este punto de control, e inmediatamente remitirase unha notificación ao correo do responsable do ou da menor, conforme xa está no colexio.
- Así mesmo, a aplicación permitirá contabilizar o número de PEGADAS (puntos) que irán sumando os nenos e nenas conforme acudan camiñando o colexio o longo do curso escolar.
- Esta aplicación poderá ser utilizada por pais e nais para ver o número de pegadas que levan os nenos e nenas, e poder facer a través desta aplicación o canxe de pegadas no catálogo de agasallos.
- Ademáis a través da aplicación os establecementos colaboradores poderán xestionar o troco de puntos. Actualmente están a colaborar neste proxecto a Asociación de Comerciantes de Narón, que congrega a un número de comerciantes deste concello, así como responsables doutros establecementos que tamén están interesados.



Imagen de la pulsera NFC



Punto de check-point



¿Como rexistrarse?

.- Os nenos e nenas que xa estiveron rexistrados o curso anterior non fai falta que se inscriban de novo e poderán utilizar as mesmas pulseiras

.-Poderán rexistrarse as nenas e nenos que o ano anterior non se rexistraron, así como os nenos e nenas que empezan por primeira vez no colexio. As pulseiras entregámoslas no propio colexio unha vez rexistrados.

Pagina web onde rexistrarse nos camiños escolares

www.pegadas.naron.es

¿Como me rexistro?

Cubriendo no formulario todos os campos do usuario responsable (DNI, nome, apelidos, email e teléfono) e premendo no botón + para engadir os menores ao cargo do responsable.

Ao pulsar o botón + despregarase un formulario onde poñer os datos do menor, unha vez cubertos os datos premerase o botón ENGADIR. No caso de ter outro menor, premerase de novo o botón + para engadilo como o anterior. O campo DNI do menor non é obrigatorio.

Se cometes algún erro sempre podes borrarlo premendo na papeleira vermella. Para finalizar a inscrición é necesario aceptar os termos e condicións de usuario que se poderán ler premendo no texto.

Para que o rexistro quede feito compre premer no botón de gardar que se amosa abaixo á dereita.

Uns intres despois comproba a túa bandexa de e-mail (se cadra mira tamén en spam). A ela chegarán os teus datos de acceso.

Unha vez rexistrad@s podedes descargar a APP "Pegadas" en Play Store

Para calquera consulta

No correo seguridadevial@naron.es

Facebook <https://www.facebook.com/educacionvial.concellodenaron>

Ou chamando ao teléfono **666438222**